


12 Como mudou o mundo coa industrialización?

As revolucións industriais

Cara a mediados do século XVIII, Europa asistiu a un proceso de transformación tecnolóxica, económica e social coñecido como Revolución Industrial.

Estas transformacións, que tiveron Gran Bretaña como o seu epicentro, espalláronse xa durante o século XIX a outros países como Francia, Alemaña, Bélxica e os Estados Unidos, e chegaron a España máis tarde, nun proceso máis lento.

Foi daquela cando os novos medios de transporte (ferrocarril, barco de vapor) e de comunicación (telégrafo, teléfono) permitiron conectar metrópoles e colonias, así como a realización de viaxes como a emprendida por Nellie Bly.




Acepto o reto!

Como puido Nellie Bly dar a volta ao mundo en 72 días?

O Titanic

Un novo material: o aceiro. Construído en aceiro de boa calidade, grazas aos avances na industria siderúrxica.



Gran capacidade de transporte. Na súa bodega transportaba un Renault Type CB Coupe desmontado en pezas, propiedade dun acaudalado pasaxeiro.



Novos sistemas de telecomunicación.

O radiotelegrafista Harold S. Bride, foi un dos superviventes.



Aprenderemos a:

- Interpretar a multicausalidade na orixe do proceso da industrialización.
- Contrastar fontes sobre o traballo nas minas e nas fábricas.
- Relacionar o pasado e o presente dos cambios económicos, sociais e laborais das revolucións industriais.
- Organizar a información da economía e a sociedade do século XIX en España.
- Aprender a analizar un proceso produtivo.

1. Que revolucións simultáneas estimularon a industrialización?

O **proceso de industrialización** é o conxunto de transformacións tecnolóxicas, económicas e sociais que se produciron dende mediados do século XVIII. Tiveron como elemento común a innovación e supuxeron o paso dunha economía agraria e autosuficiente a unha dominada pola industria e o comercio.

Gran Bretaña foi o primeiro país en experimentar tales transformacións durante a **Primeira Revolución Industrial**.

Por que xurdiu alí e non noutro país? Ao longo do século XIX estas transformacións estendéronse por Europa e América do Norte.


REVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA

Desde mediados do século XVIII, a poboación europea, e en particular a británica, experimentou un proceso de crecemento sostido coñecido como **revolución demográfica**, debido á combinación de:

- Unha importante **redución da mortalidade**, grazas aos avances da medicina (como as vacinas) e da hixiene (auga potable, sumidoiros, uso de xabón, roupa interior de algodón etc.) e, sobre todo, por unha mellor alimentación que fixo que a poboación fose máis resistente ás enfermidades.
- O **aumento das taxas de natalidade**, debido á mellora económica e ao adianto da idade dos matrimonios.

O crecemento da poboación permitiu abastecer de man de obra as novas industrias e xerou un aumento da demanda de produtos de todo tipo, especialmente agrícolas.

Variables demográficas en Gran Bretaña



A poboación inglesa triplicouse entre 1700 e 1850. Pero non só houbo máis xente, tamén viviu máis tempo xa que a esperanza de vida pasou de 38 anos a finais do século XVIII a 50 a finais do século XIX.

A rotación cuadrienal: o sistema Norfolk



REVOLUCIÓN AGRÍCOLA

A **revolución agraria** produciuse simultaneamente á revolución demográfica e caracterizouse por unha serie de transformacións que aumentaron a produtividade e ofreceron unha alimentación máis rica e variada:

- A transformación da **estrutura e da propiedade da terra** como consecuencia das Leis de Cerco aprobadas en Gran Bretaña durante o século XVIII, que posibilitaron concentrar e valar as antigas terras comunais, incrementando a súa produtividade.
- A divulgación de **novos métodos agrícolas e técnicas de cultivo**, entre os que destacaban a rotación cuadrienal (que permitiu a supresión do barbeito).
- A progresiva **mecanización das tarefas agrarias** (segadoras, sementadoras, trilladoras etc.) e a introdución de **novos cultivos** (millo e pataca).
- A **expansión da gandería** grazas á selección de especies e á maior dispoñibilidade de forraxes, que permitiu aumentar a produción de carne, leite e esterco.


NOVA MENTALIDADE

Por si sós, os factores anteriores non poderían combinarse sen a existencia dunha nova mentalidade:


- O **espírito de innovación** orientouse cara a aspectos da ciencia aplicada. Como resultado da experimentación constante, moitos fabricantes e enxeñeiros competiron entre si para ofrecer solucións eficientes que aumentasen a produtividade e os beneficios obtidos.
- A aparición da **doutrina económica liberal** proporcionou o apoio ideolóxico e o contexto necesario para o desenvolvemento do capitalismo moderno.

O economista escocés Adam Smith estableceu os principios do liberalismo económico na súa obra *Unha investigación sobre a natureza e causas da riqueza das nacións* (1776). Para Smith, a actividade económica debería realizarse sen a intervención do Estado baixo o principio de liberdade económica.

Evolución do número de patentes en Gran Bretaña



A industria británica cara ao 1840



VANTAXES DE GRAN BRETAÑA

Algunhas das características que facilitaron o desenvolvemento da industrialización en Gran Bretaña foron:

- **Estabilidade política:** a monarquía parlamentaria garantiu a estabilidade institucional, a propiedade privada e o libre comercio.
- **Mercado interior ben conectado:** Gran Bretaña contaba cunha sólida rede de canles, estradas e portos, que comunicaban os puntos de extracción de materias primas cos lugares de transformación industrial e de distribución comercial.
- **Existencia de importantes xacementos de ferro** (materia prima) **e de carbón** (enerxía).
- **Grande imperio colonial:** Gran Bretaña tiña materias primas a prezos accesibles, principalmente algodón, man de obra barata, a miúdo escravos, e mercados onde podían reinvestir os seus beneficios e vender os seus produtos.

Comprendo

1. Que factores posibilitaron o crecemento da poboación en Gran Bretaña? Que consecuencias tivo este crecemento?
2. Cal foi o cambio esencial que se produciu na propiedade da terra? En que consiste o sistema Norfolk? Que vantaxes tiña respecto da antiga rotación de cultivos?

Interpreto a multicausalidade

3. Dividídevos en grupos e ordenade, segundo a súa importancia, as revolucións paralelas que estimularon a industrialización.
4. Debatede se sería posible daquela a industrialización de Gran Bretaña sen a existencia dalgunha delas. Vedes paralelismos coa industrialización da China actual?

2. Que sectores lideraron a Primeira Revolución Industrial?

No proceso de industrialización adoitan distinguirse varias fases: a **Primeira Revolución Industrial**, que tivo lugar despois do 1770; a Segunda Revolución Industrial, de 1870; a Terceira Revolución Industrial, iniciada no 1945; e a actual Cuarta Revolución Industrial, desde aproximadamente 1990.

O uso do vapor e doutras tecnoloxías...

Ata a Primeira Revolución Industrial, a enerxía hidráulica, eólica e animal eran as únicas formas de xerar forza motriz. Desde finais do século XVII xa se empregaban máquinas de vapor para extraer auga das minas, pero o seu uso era ineficiente.

No 1769 **James Watt**, un inventor escocés, introduciu varias innovacións técnicas e patentou un modelo de máquina de vapor moito máis eficiente, que aproveitaba mellor a potencia do vapor e producía un movemento rotatorio que podía transmitirse ás máquinas.

Grazas á súa asociación co empresario Matthew Boulton, que fabricaba produtos de metal, Watt puido comercializar con éxito o seu invento. A nova máquina, que utilizaba a enerxía do vapor, foi un dos motores da industrialización e aplicóuselle á maquinaria agrícola, á industria téxtil e tamén ao ferrocarril.

... revolucionaron a industria téxtil...

O **sector téxtil** inglés foi o primeiro en mecanizar os procesos de fiado e de tecedura. Durante o século XVIII houbo un intenso comercio de tecidos de algodón procedentes da India (indianas), pero o goberno prohibiu a súa importación co fin de estimular a produción de tecidos de algodón no interior do país.


Os campos de algodón da India e as plantacións de escravos dos Estados Unidos permitiron abastecer a industria téxtil británica a prezos baixos. Por outra banda, o algodón era un tecido máis suave e hixiénico cá la, polo que tivo unha boa acollida.

Ademais, as fibras de algodón eran moi resistentes, o que permitía o seu tratamento industrial, e facilitaron unha serie de innovacións técnicas no proceso produtivo téxtil, que aumentaron a súa produtividade e posibilitaron a redución do prezo de custo.

O proceso de mecanización comezou coa **lanzadeira voante** de Kay (1733), que aumentou a velocidade do proceso de tecedura e permitía ampliar as pezas, e as **máquinas de fiar** (*spinning jenny*, *mule jenny* e *water frame*), que aumentaron a produtividade na fase de fiado.

O último paso foi a incorporación do **tear mecánico** de Cartwright (1785), que aumentou a produción de tecidos.

A máquina de vapor de James Watt




Carta de Boulton a Watt

Pensei que a súa máquina, para producir da forma máis vantaxosa posible, requiriría cartos, realización adecuada e unha ampla publicidade (...). Con estes medios (...) poderemos afinar o seu invento cun custo un vinte por cento inferior ao de calquera outro sistema e cunha diferenza de precisión semellante á que existe entre o produto dun ferreiro e o dun constructor de instrumentos matemáticos. Desta maneira, non tería sentido producir só para tres comarcas, senón que sería moito máis conveniente producir para todo o mundo.

7 de febreiro do 1769.

Como aumentou a produtividade na industria téxtil?



... a industria siderúrxica e a minaría

A industria siderúrxica tradicional utilizaba carbón vexetal para a produción de ferro, pero o proceso era caro e o produto resultante era de escasa calidade.

A fabricación de apeiros agrícolas, máquinas, vías férreas e barcos aumentou moito a demanda de ferro. Isto estimulou unha serie de innovacións que permitiron a creación da **siderúrxica moderna**:

- A primeira produciuse no 1709, cando Abraham Darby fundiu o ferro usando **carbón de coque** nos altos fornos. O seu gran poder calorífico aumentou a produción, pero o ferro obtido era frágil.
- No 1783, Cort perfecciona técnicas como a **pudelación** e a **laminación de ferro**, que permitían obter un material sen impurezas e coa forma desexada (pranchas, raís etc.).
- Xa a mediados do século XIX, o **convertedor de Henry Bessemer** permitiu a fabricación de aceiro de calidade (unha mestura de ferro e carbono) en cantidades industriais. O uso do aceiro supuxo unha verdadeira revolución na construción de maquinaria, de infraestruturas pesadas e de obras públicas.

A progresiva industrialización do sector téxtil e siderúrxico esixiu grandes cantidades de carbón, polo que se converteu na principal fonte de enerxía na Primeira Revolución Industrial.



Nenos traballando nunha mina de carbón inglesa. Litografía, 1844.

O convertedor Bessemer e a produción de aceiro



As "paisaxes negras"

Coketown é unha cidade de ladrillos que se verían vermellos se o fume e as cinzas o permitisen (...). É unha cidade chea de fábricas e altas chemineas das que saen interminables serpes de fume que nunca cesan (...).

Está atravesado por unha canle negra pola que circulan augas avermelladas polos colorantes, que está rodeada de ateigadas fábricas cheas de fiestras, onde a xornada transcorre entre o estrepitoso ruído das máquinas e os tremores que provoca o pistón da máquina de vapor cada vez que sobe e baixa.

Charles DICKENS: *Tempos difíciles*, 1854.

Observo e analizo

- Analiza como se levou a cabo a mecanización do proceso de fiado e de tecedura. Seguiron ambos procesos o mesmo ritmo? Que consecuencias tivo sobre o volume e os custos de produción?
- Por que tivo importancia o incremento da industria siderúrxica?
- Por que o desenvolvemento das industrias téxtil e siderúrxica estimulou a demanda de carbón? Que eran a paisaxes negras?

Valoro o patrimonio colectivo

- Elabora un catálogo virtual para o teu propio museo de patrimonio industrial téxtil. Busca imaxes e vídeos dos seguintes inventos e elabora unha breve ficha de cada un deles: lanzadeira voante, máquina de vapor, *spinning mule* de Samuel Crompton, *water frame* de Richard Arkwright, tear mecánico de Edmund Cartwright e *spinning jenny* de James Hargreaves. Podes utilizar www.tiching.com/787323.

3. Como eran as primeiras fábricas?

O sistema fabril de produción

Ademais da **mecanización do proceso produtivo** e da utilización de **novas fontes de enerxía**, a industrialización caracterizouse pola aparición da fábrica como lugar de produción. A evolución dos distintos sistemas produtivos pasou por varias fases:


- Tradicionalmente a produción fora realizada de xeito **artesanal** baixo o control dos gremios.
- A partir do século XVII, algúns comerciantes comezan a entregar a materia prima aos produtores rurais que, nas súas casas, a transforman en produtos manufacturados a cambio dun soldo (**domestic system**).
- Durante a Primeira Revolución Industrial produciuse unha concentración de man de obra nun mesmo edificio (**fábrica**), caracterizada pola mecanización, o uso de novas fontes de enerxía (vapor) e un meirande control do traballo (horario, normativa laboral etc.). A diferenza do sistema artesanal, cada traballador só realizaba unha parte do proceso produtivo (división do traballo).

Esta nova forma de producir coñécese como **sistema fabril** e implicou a produción en masa, o que provocou un notable aumento da produtividade e unha redución dos custos de produción.



Antiga fábrica téxtil de Masson Mill, en Derbyshire, Inglaterra.

Unha fábrica téxtil



Como era unha
antiga fábrica téxtil
tiching.com/787324

POR QUE ERAN TAN DURAS AS CONDICIÓN NAS MINAS E FÁBRICAS?


8 TRABALLO DECENTE E CRECIMENTO ECONÓMICO



1 Accidentes mortais nunha mina en Yorkshire (1805)

Causas da morte	Idade		
	Menos de 13 anos	13-18 anos	Máis de 18 anos
Explosións de gas	12	21	43
Golpeado por desprendemento	23	20	55
Asfixia por humidade	3	0	8
Afogamento	8	3	9
Caída por un buraco	7	15	35
Outras causas	23	15	50
Total	76	74	200

2 Horario dun aprendiz dunha fábrica téxtil



3 Testemuño do doutor Ward (1819)


"Tiven oportunidades frecuentes de ver xente saíndo das fábricas e de vez en cando tratalas como pacientes. O verán pasado visitei tres fábricas de algodón (...) e non puidemos estar dez minutos na fábrica sen comezar a boquear por falta de aire. Como é posible que o soporten os que están condenados a permanecer alí doce ou catorce horas? Se temos en conta a temperatura do aire e a súa contaminación, non podo concibir como os traballadores poden soportar o confinamento durante un período tan longo de tempo".

4 Testemuño de Betty Harris (1842)

"Casei con 23 anos e foi entón cando fun á mina. Antes, cando tiña 12 anos, era tecedora. Non sei ler nin escribir (...). Levo os carros de carbón e traballo seis horas pola mañá e seis ao mediodía. Paro case unha hora ao mediodía para comer, un pouco de pan e un pouco de manteiga, sen nada que beber. Teño dous fillos pero aínda son demasiado pequenos para traballar. Tirei dos vagóns mesmo cando estaba embarazada. (...)

Teño unha correa na cintura e unha cadea entre as pernas, e teño que andar a catro patas. A pendente é moi pronunciada e agarrámonos á corda ou ao que podemos, cando non hai corda (...).

No pozo onde traballo hai seis mulleres e seis nenos e nenas. (...) O pozo está sempre húmido e a auga dáños polos xeonllos".



5 Lexislación laboral británica (1833-1850)

- **1833:** Ningún neno menor de 9 anos traballará nas fábricas. Os nenos de entre 9 e 13 anos traballarán ata 9 horas, recibindo 2 horas diarias de escola.
- **1842:** Ningunha muller nin neno menor de 10 anos traballará na mina.
- **1844:** Ningunha muller traballará máis de 12 horas diarias. As máquinas deben ser máis seguras.
- **1847:** Tódalas mulleres e os menores de 18 anos traballarán un máximo de 10 horas diarias.

Observo e comprendo

9. En que consiste o sistema fabril de produción? Que consecuencias tivo?
10. Como se realizaba a produción na etapa anterior ao século XVIII?
11. Observa o debuxo da fábrica téxtil:
 - Que enerxía empregaba? Como se quenta a auga da máquina de vapor? Como se transmite a enerxía ás máquinas?
 - Que caracterizaba o traballo nas fábricas?

Contrasto fontes



12. Observa os documentos desta páxina e responde:
 - Analiza os documentos 1, 3 e 4. Onde cres que existían máis riscos laborais, nas minas ou nas fábricas téxtiles? Cres que se cumprían as normas do doc. 5? E na actualidade?
 - Compara o doc. 2 co teu horario habitual.
 - Se foses un historiador, que documento cres que che podería ofrecer unha visión máis obxectiva? E menos?

4. Como cambiaron os transportes e o comercio?

Desde mediados do século XVIII houbo unha mellora das vías de comunicación en gran parte de Europa, principalmente grazas á construción de canles e estradas.

Porén, a principios do século XIX, o transporte de mercadorías e persoas era lento e caro. Por este motivo, foi necesario introducir numerosas novidades vinculadas á máquina de vapor e á siderurxia.

O ferrocarril de vapor...

O enxeñeiro George Stephenson conseguiu optimizar deseños anteriores para locomotoras de vapor utilizadas para transportar carbón entre minas.

Esta nova locomotora, máis lixeira e segura, contribuíu á creación, en 1830, da primeira liña de ferrocarril para o transporte de pasaxeiros, entre Manchester e Liverpool.

O ferrocarril pronto permitiu aumentar a seguridade das viaxes e reducir o prezo e o tempo dos desprazamentos, converténdose nun elemento dinámico da industrialización en moitos países.

... e o desenvolvemento da navegación...

Ao mesmo tempo, os estadounidenses John Fitch e Robert Fulton patentaron diferentes modelos de barcos de vapor e estableceron as primeiras liñas regulares de transporte por ríos e canles.




Porén, os barcos altos seguiron dominando as rutas transoceánicas durante algunhas décadas ata a invención da hélice.

... impulsaron unha grande expansión comercial

As innovacións nos sectores agrícola e industrial, así como no transporte, permitiron consolidar unha **economía de mercado** na que a produción xa non estaba orientada unicamente ao autoconsumo:

- A mellora dos sistemas de transporte articulaba o **comercio interior** entre os mercados locais, rexionais e nacionais, estimulado grazas ao crecemento demográfico e á demanda interna.
- O **comercio exterior** foi o gran beneficiado, particularmente entre os países occidentais e as súas colonias, ao intensificar o intercambio entre materias primas e produtos manufacturados.

Porto de Nova Orleans (Estados Unidos) sobre o río Mississippi, 1884.




QUE EFECTOS TIVO A REVOLUCIÓN DOS TRANSPORTES?



Dinamización económica

Os novos sistemas de transporte tiveron un efecto multiplicador na economía. En primeiro lugar, a súa construción e mantemento requiriu unha gran cantidade de materias primas (carbón, aceiro, madeira, etc.) e man de obra. Ademais, os buques e os ferrocarrís melloraron a comunicación entre os centros de produción e os mercados, reducindo considerablemente os custos.

Finalmente, a construción de infraestruturas (pontes, vías férreas ou estacións) requiriu o investimento dunha importante cantidade de capital.



Maior seguridade e rapidez

As innovacións nos sistemas de transporte permitiron reducir a duración das travesías marítimas e terrestres.


Así, mentres que o traxecto en diligencia entre Liverpool e Manchester adoitaba durar unhas 4 horas e transportaba unhas 688 persoas ao día a bordo das 29 dilixencias diarias, o ferrocarril reduciu a viaxe a unha hora e 45 minutos e transportaba a 1070 pasaxeiros diarios.

	diligencia (1834)	tren (1887)
París-Estrasburgo	47 h	8 h 50 min
	carro (1830)	tren (1869)
cruzar EE.UU.	180 días	7 días
Prezo do traxecto en Francia (en céntimos)		
	1841	1870
1 km	12	6

Desenvolvemento do comercio e da globalización

Houbo un crecemento sen precedentes no comercio. A maior velocidade e capacidade de carga permitiu o transporte de materias primas e produtos manufacturados a territorios afastados a menor prezo.

A apertura de novos mercados exteriores e o fortalecemento dos mercados internos propiciaron a especialización económica dos territorios e diversificaron as economías tradicionalmente agrarias.



1 iarda = 0,9 metros de tea

Crecemento das cidades

A industrialización converteu as vellas cidades en grandes metrópoles e os seus habitantes multiplicáronse.

Neste desenvolvemento urbano derrubáronse muros, apareceron novos barrios, creáronse novos medios de transporte (tranvía, ferrocarril...) e construíronse infraestruturas (empedrado de rúas, sumidoiros...) e novos servizos (hospitais, mercados etc.).

O crecemento urbano foi consecuencia do éxodo rural. As familias campesiñas acudían ás cidades para traballar nas fábricas porque a mecanización e a concentración parcelaria deixaban sen terra nin traballo.

Observo e comprendo

- Que innovacións se introduciron nos transportes? Por que se fala de revolución?
- Repara no debuxo e explica como funcionaba unha locomotora. De onde procedía a enerxía que poñía as rodas en movemento?
- Como axudaron os cambios no transporte ao comercio? Que novo tipo de mercado apareceu?
- Fíxate no gráfico das exportación británicas. Como evolucionaron? Cara a que lugares do mundo se exportou en maior cantidade?

Relaciono pasado e presente

- Pescuda canto tempo se tarda na actualidade en realizar o traxecto París-Estrasburgo en tren TGV. Canto se reduciu desde o 1887?
- Accede a www.tiching.com/787325 e compara o mapa da rede ferroviaria europea actual coa do século XIX. Que diferenzas observas? Dispoñía a túa poboación dalgunha liña ferroviaria no século XIX? E actualmente?
- Que vantaxes teñen hoxe a redución dos tempos de transporte para o desenvolvemento económico e social?

5. Que é o capitalismo industrial e como se espallou?

A Revolución Industrial consolidou o capitalismo, un sistema económico iniciado durante séculos anteriores co comercio colonial. A súa base teórica, o **liberalismo económico**, baseábase na iniciativa privada e na liberdade económica.

Os principios do liberalismo económico...

Adam Smith e outros autores británicos teorizaron sobre os principios nos que se basea o liberalismo económico:

- **Libre iniciativa:** o **beneficio** persoal é o motor da economía e do crecemento. Os beneficios reinvesten (son capital, non riqueza, de aí o nome de capitalismo) e o sistema favorece así o interese xeral.
- **Lei da oferta e da demanda:** un mercado libre equilibra os intereses dos compradores e dos vendedores e o prezo varía segundo **a oferta e a demanda**. Esixe que o Estado non interveña en materia económica e garanta a liberdade de comercio e industria.
- **Lei da competencia:** a competencia no mercado estimula a innovación en ciencia e tecnoloxía e mellora e abarata a produción.

... consolidaron a economía capitalista...

A industrialización desenvolveuse baixo os principios do liberalismo económico e do capitalismo consolidado, un sistema económico no que o **capital**, os **medios de produción** (instalacións, maquinaria...) e os **stocks** son **propiedade privada** dunha minoría da poboación, a burguesía.

A maioría da poboación, traballadores ou asalariados, traballa en industrias e empresas a cambio de salarios, sen compartir a propiedade nin os beneficios.

Desde Gran Bretaña, o capitalismo industrial estendeuse ata o resto de Europa e tamén a Estados Unidos e Xapón.

... con empresas financiadas por bancos e accionistas...

A medida que se estendeu a industrialización, moitas empresas acadaron grandes dimensións (por exemplo, a siderurxia ou a construción naval) ou necesitaban moito capital para financiar os novos sistemas de produción en masa, como na industria do automóbil.


Para xuntar os grandes investimentos que esixe a gran industria utilizáronse dúas vías principais: os **bancos** e as **sociedades anónimas**. Os bancos agrupaban os aforros de moitos clientes (depósitos) e prestábanllo a crédito a empresas ou podían investilo directamente neles.

As sociedades anónimas (SA) **son empresas cuxo capital se divide en accións** ou participacións, distribuídas entre os accionistas segundo a cantidade de diñeiro que cada un investiu. Se a empresa ten beneficios, repártense proporcionalmente entre os accionistas.


A man invisible do liberalismo económico

O individuo non ten, en xeral, a intención de promover o interese público (...). Cando prefere apoiar a industria nacional e non á estranxeira, só busca a túa propia seguridade; e cando dirixe esa industria de tal xeito que a súa produción obteña o máximo valor, só busca o seu propio beneficio, e nisto, como en moitos outros casos, é dirixido por unha man invisible que o leva a promover un fin que non estaba nas súas intencións. (...)

Adam SMITH: *A riqueza das nacións*, 1776.



As sociedades por accións (S.A.)



RETOS DO MUNDO ACTUAL Financiamento empresarial

Os préstamos bancarios e a venda de accións permitiúlles ás empresas financiar o seu crecemento en Europa e nos Estados Unidos.

Na actualidade, as pequenas empresas dos países en desenvolvemento carecen da financiación necesaria, e mesmo teñen dificultade para o acceso a servizos financeiros. Por iso son necesarias políticas que apoién as actividades produtivas, a creación de postos de traballo decentes e a innovación.



... que se espallou fóra de Gran Bretaña

A principios do século XIX, a industrialización e o capitalismo pronto estendéronse a **Bélxica**, apoiados polos seus xacementos de carbón e a demanda ferroviaria.

En **Francia**, o inicio industrial foi lento, pero creceu na segunda metade do século co impulso do ferrocarril. Máis tarde, a industria do automóbil e a eléctrica realizaron grandes avances ata o 1914.

Alemaña despegou a partir de 1850 apoiada pola Unión Aduaneira de 1834, que impuxo o libre comercio entre os distintos Estados, e a súa unificación política en 1870. Destacaron as industrias siderúrxicas e mecánicas (conca do Rhur, Silesia...) e, posteriormente, a industria automobilística e química, grazas ao apoio decidido do Estado.


Outros países europeos industrializáronse máis tarde e só nalgúns rexións. Este foi o caso de **Italia** e **España**, onde se produciu a industrialización nalgúns rexións do Norte, ou no Imperio Austrohúngaro, mentres que a maior parte da poboación deses países continuaba cunha economía maioritariamente agraria.

Nos **Estados Unidos**, a industrialización despegou despois de 1850 a un ritmo moito máis rápido que nos países europeos, pola abundancia dos seus recursos naturais e o seu enorme mercado interior que facilitou o sistema de produción en cadea, adoptado décadas antes que en Europa.

Rusia industrializouse parcialmente, pero rapidamente, e dende finais de século creáronse grandes cidades e xurdiron masas de traballadores en condicións de vida miserables. Porén, a maior parte do país seguiu mergullado nunha agricultura tradicional de baixa produtividade e cunha gran masa de campesiños pobres e sen terra.

Xapón na época **Meiji** (desde o 1868) aboliu o feudalismo e deu pasos para industrializarse (importou máquinas e técnicos estranxeiros, enviou moitos estudantes ao estranxeiro etc.). En poucos anos converteuse nunha potencia industrial e militar.

Producción de carbón e de aceiro



Industrialización de Europa cara ao 1850



Comprendo e analizo

- Segundo o liberalismo económico, en que se diferenciaban o concepto de capital e o de riqueza?
- Define os termos "acción" e "dividendo".
- A cal dos principios do liberalismo económico se refire a "man invisible" de A. Smith? Por que?
- Investiga que son os microcréditos propostos polo Premio Nobel Muhammad Yunus e que resultados tivo.

Sitúo no espazo e tempo

- Observa o mapa da industrialización en Europa:
 - Que tipo de industrias tiñan as principais capitais?
 - En que áreas se situaba a industria siderúrxica? E a téxtil? Onde estaban as concas carboníferas?
- Repara nos gráficos sobre a produción de carbón e de aceiro. Que países lideraban cada etapa da industrialización? Desde que anos podería Alemaña ser o primeiro produtor de armas en Europa?

6. Que nova sociedade trouxo a industrialización?

As revolucións burguesas ou liberais acabaron coa sociedade estamental e estableceron a igualdade ante a lei para tódolos cidadáns. Coa desaparición da desigualdade xurídica, as diferenzas sociais establecéronse fundamentalmente no ámbito económico.

Neste novo marco legal é a propiedade económica a que distingue as dúas principais clases sociais: a **burguesía**, propietaria do capital produtivo (fábricas, terras, empresas etc.) e os **asalariados**, que só teñen a súa capacidade de traballo.

A alta burguesía converteuse na clase dirixente....

O desenvolvemento do capitalismo industrial deu progresivamente o poder económico á **alta burguesía**, formada por grandes industriais, comerciantes e banqueiros, propietarios dun capital en rápido crecemento.

Con eles tamén estivo vinculada, moitas veces por matrimonio, a **antiga nobreza** europea que, a pesar de perder os seus privilexios de nacemento, conservaba as súas propiedades (pazos, leiras urbanas, terreos) e, ata ben entrado o século XX, o seu poder e influencia política e social.

Próximo ou integrado nesa clase dominante, unha **clase media-alta** de acreditados profesionais liberais, técnicos e artistas (avogados, doutores, enxeñeiros...), altos cargos, militares, etc. Caracterizáronse, sobre todo, pola súa cualificación para tarefas de xestión.

A alta burguesía converteuse na clase dominante, no centro da vida social. As súas mansións e luxosas vivendas, a súa forma de vestir, as súas actividades de lecer (ópera, casinos, equitación...) e os seus valores morais (traballo e aforro, esforzo individual, puritanismo familiar etc.) imposto como modelo social a imitar.

... a clase media daba estabilidade social...

A partir de finais do século XIX a chamada **clase media** tivo un protagonismo crecente. Compartiu os valores da burguesía, e aspiraba a ascender a través do esforzo e do estudo.

Estaba formada por colectivos sociais como profesionais liberais, funcionarios de grao medio (avogados, médicos, mestres etc.), e tamén a **pequena burguesía** de propietarios de obradoiros e comercios, artesáns, labregos, etc. O seu traballo ou negocio permitíalles cubrir as súas necesidades básicas, aínda que vivían sen os luxos das clases altas (vivenda, estudos infantís, atención médica etc.).

Nun período de conflitividade destacada (reivindicacións obreiras, conquistas democráticas, guerras...) a clase media actuou como moderadora e deu estabilidade á sociedade.

Vivenda burguesa



As vivendas da burguesía situábanse nos novos ensanches, ben comunicados e urbanizados, con amplas avenidas, parques, etc.

Vivenda de clase media



A comezos do século XX en Europa, nas vivendas de clase media, un barreño na cociña ou na sala de estar servía para lavarse, pois a miúdo non había cuarto de baño.


... e os traballadores eran os máis desfavorecidos

Os traballadores das fábricas e outros asalariados (rapaces e empregados domésticos, persoal comercial, obradoiros, construción etc.), así como os xornaleiros do campo, formaban o **proletariado ou clase obreira**. Sen bens, vivían dun soldo a cambio do seu traballo. Eran o grupo máis numeroso e máis desfavorecido da sociedade.

O liberalismo abolira as normas sindicais e, durante boa parte do século XIX, non existían leis que regulasen as condicións de traballo (salario, horarios, protección contra accidentes etc.) e os empresarios podían fixalas á súa conveniencia.

Gran parte das vivendas dos obreiros estaban nos arredores, preto das fábricas, en rúas pouco desenvolvidas, moitas veces sen auga nin sumidoiros.

Eran compartidas por familias extensas, con moi pouco espazo, falta de luz e ventilación e deficiente hixiene.



Os traballadores estaban sometidos a unhas condicións de traballo pésimas; longas xornadas sen apenas descanso semanal, despedimentos arbitrarios, fábricas insalubres, desprotección contra accidentes e baixos salarios. Estas condicións provocaban enfermidades, desnutrición e unha escasa esperanza de vida entre os traballadores.

Para sobrevivir, moitas familias víronse obrigadas a enviar os seus fillos ás fábricas, a cambio de salarios moi inferiores aos dos adultos, ou a facer traballos industriais na casa. Así, abandonaron a escola cedo. As mulleres tamén cobraban aproximadamente un 40% menos que os homes.

Rúa da época industrial

[tiching.com/787326](https://www.tiching.com/787326)



Familia obreira de Nova York realizando un traballo industrial na casa, a inicios do século XX.

Comprendo e analizo

26. Cal é a principal diferenza entre unha sociedade estamental e unha sociedade de clases?
27. Que grupos integraban a sociedade industrial? Que caracterizaba a cada un deles? Que papel social desempeñaban?

Observo e comparo

28. Coa axuda das fontes, compara estes aspectos nas vivendas da alta burguesía e dos obreiros: as súas dimensións, habitacións, hixiene,

mobiliario e decoración. Que conclusións podes establecer sobre as condicións de vida de ámbalas clases? Atopábanse no mesmo espazo urbano?

Relaciono pasado e presente

29. Existen hoxe as mesmas clases sociais ca no século XIX?
30. Procurade na Internet imaxes de vivendas típicas hoxe en España de alta burguesía, clase media e clase traballadora, e comparádeas.

7. Que cambiou durante a Segunda Revolución Industrial?

Nas últimas décadas do século XIX e nas primeiras do XX, varios inventos científicos e tecnolóxicos impulsaron a Segunda Revolución Industrial.

A electricidade e o petróleo relevaron o carbón...

Aínda que se coñecían a electricidade e o petróleo, novos inventos aumentaron o seu uso como fonte de enerxía na industria e no transporte:

- A **electricidade** era alimentada pola dínamo e o transformador, o que facilitaba a súa produción e transporte en masa. Isto abarataba e chegou a tódolos puntos, promovendo a industrialización de zonas interiores sen materias primas. Outros inventos, como o teléfono, a bombilla, o **motor eléctrico**, o cinematógrafo, etc., activaron o seu uso en telecomunicacións, iluminación, ocio, transporte..
